

Consellería	Código	Denominación	Grupo	Nivel
Traballo e Benestar	TR.C99.10.000.15001.001	Secretario/a do/a delegado/a	CD	18
	TR.C99.10.000.27001.001	Secretario/a do/a delegado/a	CD	18
	TR.C99.10.000.32001.001	Secretario/a do/a delegado/a	CD	18
	TR.C99.10.000.36560.001	Secretario/a do/a delegado/a	CD	18
	VP.101.00.000.15770.001	Secretario/a vicepresidente/a	CD	20
	VP.101.00.000.15770.002	Adxunto/a secretario/a vicepresidente/a	CD	18
	VP.201.00.000.15770.002	Secretario/a (S. X. E de relacións institucionais)	CD	18
	VP.C99.10.000.15001.001	Secretario/a (delegado/a provincial)	CD	18
	VP.C99.10.000.27001.001	Secretario/a delegado/a provincial	CD	18
	VP.C99.10.000.32001.001	Secretario/a delegado/a provincial	CD	18
VP.C99.10.000.36560.001	Secretario/a delegado/a provincial	CD	18	
Medio Rural	MR.C03.00.000.15770.001	Secretario/a director/a xeral	CD	18
	MR.C99.10.000.15001.001	Secretario/a delegado/a	CD	18
	MR.C99.10.000.27001.001	Secretario/a delegado/a	CD	18
	MR.C99.10.000.32001.001	Secretario/a delegado/a	CD	18
	MR.C99.10.000.36001.001	Secretario/a delegado/a	CD	18
Mar	PE.C99.10.000.15001.001	Secretario/a do delegado	CD	18
	PE.C99.10.000.27650.001	Secretario/a do delegado/a	CD	18
	PE.C99.10.000.36560.001	Secretario/a do delegado/a	CD	18

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 15 de abril de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

Advertidos os erros no anexo II de ficheiros modificados na devandita orde, publicada no DOG nº 80, o día 27 de abril de 2009, cómpre engadir as seguintes correccións:

-No anexo II de ficheiros modificados, dentro do cadro de características do ficheiro «Persoal non docente», débese engadir unha fila de «Tipos de datos de carácter persoal: categorías de datos» con valor «Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI/NIF, enderezo, Nº Seguridade Social, teléfono, Nº rexistro persoal, sinatura ou pegadas. Non se inclúen datos de infraccións administrativas nin penais» e tamén é necesario engadir unha fila «Nivel do ficheiro» con valor «Básico».

-No anexo II de ficheiros modificados, dentro do cadro de características do ficheiro Actividades de formación, débese engadir unha fila de «Tipos de datos de carácter persoal: categorías de datos» con valor «Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI/NIF, enderezo, teléfono, Nº de conta bancaria» e tamén débese engadir unha fila «Nivel do ficheiro» con valor «Básico».

*Corrección de erros.-Orde do 20 de agosto de 2009 pola que se convocan bolsas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e en educación especial no curso escolar 2009/2010.*

Advertidos erros na citada orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 166, do martes 25 de agosto de 2009, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

Na páxina 13.924, artigo 6º, Renda per cápita familiar, punto 4, é preciso engadir o seguinte texto ao final deste punto: «Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda en 2008, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán as casas 455 (base impositiva xeral) e 465 (base impositiva do aforro) da declaración».

Na páxina 13.927, artigo 15º, Pagamento das bolsas, é preciso engadir o seguinte texto ao final do primeiro parágrafo: «Os pagamentos tamén se poderán realizar directamente desde a consellería mediante transferencia bancaria».

*Orde do 10 de setembro de 2009 pola que se resolve a relación de concellos beneficiarios de subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo.*

Cumpridos os trámites establecidos no artigo 9º da Orde desta consellería do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia, esta consellería

### RESOLVE:

Primeiro.-Publicar a relación de subvencións concedidas, artigo 12, para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia segundo figura no anexo.

Segundo.-Contra esta resolución definitiva de concesión, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2009.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria